



MEMORIA DA ADENDA E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA (DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO) E A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA, PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN SOBRE O MERCADO INMOBILIARIO E A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS RELATIVAS AO VALOR DE REFERENCIA

A Sra. Directora da Axencia Tributaria de Galicia **DECLARA:**

Que, o 8 de marzo de 2021, as partes subscribiron un convenio de colaboración que ten por obxecto o intercambio de información para lograr unha mellor eficiencia no exercicio das súas respectivas competencias, e por outra parte, a coordinación das actuacións que permitan o deseño e adopción das medidas xurídicas, técnicas e tecnolóxicas necesarias para a mellor xestión tributaria por parte da Axencia, así como a mellor calidade posible do valor de referencias da Dirección General de Catastro.

Que, a cláusula sétima do convenio estipula que a vixencia inicial do Convenio será de 4 anos desde a data da súa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, podéndose acordar a súa prórroga por un período máximo de catro anos en calquera momento anterior á finalización do prazo de vixencia.

Que, o acordo ten por obxecto por unha parte prorrogar para o período comprendido entre o 9 de marzo de 2025 e o 9 de marzo de 2029, a vixencia do Convenio de Colaboración subscrito entre a ATRIGA e a Dirección General de Catastro o 8 de marzo de 2021, así como adecuar o seu contido ás modificacións normativas sobre protección de datos de carácter persoal e sobre seguridade da información, modificándose a tal efecto a cláusula terceira do convenio inicial.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora

